

3ª SEMANA 1º AGRUPAMENTO

CORRECCIÓNS

6. Sempre a viamos acompañada do seu can. O pronome persoal átono a colócase antes do verbo (colocación proclítica) por causa do adverbio sempre.

Gustoume/Gustouche/Gustounos... a noticia sobre a invasión extraterrestre. O pronome persoal átono –existen varias formas posibles– colócase despois do verbo (colocación enclítica), xa que non hai ningún elemento que provoque a anteposición do clítico. Alén disto, o pronome persoal átono nunca pode encabezar un enunciado, sendo a enclítica a colocación máis habitual.

Non vos axudou cando o necesitastes. O pronome persoal átono vos debe colocarse na posición proclítica por estarmos ante un enunciado negativo; o adverbio de negación non provoca a anteposición do clítico. Mandounos un aviso á nosa propia casa. O pronome persoal átono nos vai colocado após o verbo, pois non hai ningún elemento que provoque a anteposición do clítico. Alén disto, o pronome persoal átono nunca pode encabezar un enunciado, sendo a énclise a colocación máis habitual.

O demo te coma, meu fillo! O pronome persoal átono te ten que colocarse antes do verbo, xa que estamos ante un enunciado desiderativo. Cómpre ter en conta que non hai ningún elemento (adverbio, conxunción etc.) que provoque a anteposición; simplemente é o tipo de modalidade enunciativa (neste caso desiderativa) a que produce que o clítico vaia antes do verbo. Na realidade, esta colocación é froito tamén da inversión da orde sintáctica lóxica do enunciado, pois o cd “o demo” pasa a ocupar unha posición de foco, colocándose na posición do suxeito.

7. Un arreguizo percorreulle a espiña e deixouno paralizado. Varréuselle a vista, afrouxáronselle as pernas e sentiu que afogaba. A familia de Caldas e outros espectadores puxéronse a darlle voces de ánimo e a berrar que aquilo era unha inxustiza. Pero os altofalantes e os aplausos dos que alí se congregaban onda o estrado da entrega de premios acalaban aqueles berros.

Entrou na súa camareta sen parar de saloucar. A desesperación non lle collía no peito. Gustaríalle que o tragase a terra. Agarrou o cinto do albornoz, comprobou a súa resistencia e saíu con el cara ás duchas. Por un intre pensou en escribir unha nota denunciando a inxustiza, mais logo desbotou a idea.

Páxina 111

1. A pita do monte e o oso pardo son especies en extinción.

Nas vacacións coñecemos rapaces chineses, xaponeses, tailandeses, vietnamitas e algúns mozos de Corea do norte.

Neste ano incrementáronse as precipitacións na nosa comarca; en consecuencia, houbo maior número de inundacións.

Cando abrín o armario encontrei bastante roupa (xerseis, pantalóns, saias e camisas) de cando era máis nova; dúas maletas vellas que foron do meu avó; algunhas mantas e toallas comestas dos ratos...

2. O cabalo de Atila, rei dos hunos, chamábase Othar. As vírgulas utilízanse para marcar os inicio e o final dun inciso. O punto e final marca a fin do enunciado. Hai tres semanas merquei unha novela inglesa de misterio; a semana pasada, unha antoloxía de contos irlandeses; onte, un poemario dunha autora escocesa. Os puntos e vírgulas utilízanse para separar elementos longos dunha enumeración, nomeadamente porque hai vírgulas no interior de cada cláusula. Pola súa parte, as vírgulas úsanse para marcar a elisión do verbo (Este último caso non é obrigatorio que o/a alumno/a o detecte, porque non se explica; porén, o/a profesor/a pode explicalo igualmente por ser un caso moi habitual e de erro frecuente). En último lugar, o punto e final marca a fin do enunciado.

Este ano inscribinme en fútbol sala, teatro e xadrez; daquela, vou ter pouco tempo libre. O emprego da primeira vírgula serve para separar elementos breves dunha enumeración, en canto a segunda vírgula colócase antes do marcador discursivo daquela. Pola súa parte, o punto e final marca a fin do enunciado.

Desde a última vez que nos vimos, Laura, medraches moito. Vas camiño de seres tan alta como a túa nai. As vírgulas utilízanse para illar o vocativo Laura. Polo seu lado, o punto e seguido separa os enunciados dun parágrafo, mentres que o punto e final marca a fin do texto.

Algúns avances científicos resultaron fundamentais para a evolución do ser humano; outros, polo contrario, tiveron efectos nefastos. O punto e vírgula emprégase para separar enunciados relacionados tematicamente; nestes casos, equivale a un punto. Pola súa banda, as vírgulas utilízanse para delimitar o marcador discursivo polo contrario.

3 Eros é o deus do Amor. A tradición máis xeralmente aceptada teno por fillo de Afrodita e Ares. Aparece na mitoloxía grega como acompañante e servidor da deusa, sendo representado pouco a pouco como un neno alado cargado coa súa alxaba e cunhas frechas coas cales fere a divindades e persoas; de aí o carácter irracional do amor. As ás indican que a paixón que inspira non é duradeira e as frechas, que o amor fere. Os ollos vendados que aparecen a partir da arte medieval simbolizan o amor voluptuoso.

3ª SESIÓN

Páxina 111 exercicio 4

4. Lucía, tráeme un vaso de auga.

Antes de asinar, é preciso que se aseguren de ler ben as condicións.

En primeiro lugar, pícanse as verduras en tiras finas. Xulio ten tres fillas; por tanto, ten familia numerosa.

Gústame ler libros de terror; alén diso, tamén me gusta facer deporte e saír á noite.

Nalgúns casos hai varias posibilidades de colocación dos marcadores discursivos; isto é, poden ir no inicio, mais tamén noutras posicións dentro do enunciado (neste último caso irían entre vírgulas).

5. Ben sabes que non debemos perdoalo. / Ben, sabes que non debemos perdoalo. / Ben, sabes que? Non debemos perdoalo. / Ben sabes que non. Debemos perdoalo. / Ben sabes que non debemos. Perdóalo?

Perdón, nin pensar. Que o manden ao cárcere. / Perdón? Nin pensar que o manden ao cárcere!

Xa che dixen que quería porco. / Xa che dixen que quería, porco.

Henrique fala con Fuco. / Henrique, fala con Fuco.

Páxina 113 . Exercicio 1

1. Resposta aberta. O obxectivo principal da actividade é fixar os aspectos fundamentais da métrica e desenvolver a creatividade do/da al
2. Camiño do tempo vello, camiño do tempo novo: pedra dos tempos sen tempo, pedra dun ollar sen ollos.CUARTETA.....
Raiola de luar que bica o río, flor mareliña que entre espiñas chora, ou das redes da araña un tenue fío, toda humilde beleza me namora.SERVENTESIO.....

Está cativa a roseira, mais, despois de tanto inverno... Galicia ha ter primavera.TERCETIÑO.....

Ai, naiciña, non sei como lle chame ao martirio que sufro sendo cura e ter que presenciar finxindo calma como namentres uns morren de fame, viven outros nadando na fartura!

QUINTETO

3. Cando vos oio **tocar**,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a **chorar**.
Cando de lonxe vos **oio**,
penso que por min chamades,
e das entrañas me **doio**.

Lugar máis fermoso
non houbo na **terra**
que aquel que eu miraba,
que aquel que me **dera**.

Lugar máis fermoso
non mundo n' **achara**
que aquel de Galicia.

Galicia **encantada!**

AS correccións van en negriña.

4ª SESIÓN Páxina 115 . Exercicos 1

Roxas: persoas que teñen o cabelo de cor próxima ao vermello.

Extinguirse: desaparecer pouco a pouco até facelo por completo.

Sensíbeis: que teñen a capacidade de experimentar sensaciónse emocións.

Medios: axentes que proporcionan información a través de diferentes canles.

Comunidade: conxunto de persoas que viven nun lugar e partillan unha serie de características comúns.

Portadoras: que portan ou traen algo consigo ou en si.

2. O alto número de persoas roxas en Escocia é atribuído ao clima. O feito de que as persoas que viven en Escocia desfruten de poucas horas e sol podería ter provocado, segundo este argumento, un déficit de vitamina D, polo que a pel se torna máis clara e o cabelo vermello.

4. Resposta aberta.

7. Resposta aberta. Algúns son:

Abril, augas mil

En marzo, cando medra a lúa, medra a chuvia.

Ceo enloitado, tempo mollado.

A quen Deus quer ben, o vento axúntalle a leña

Ceo rasgado, vento ou mar picado

Ceo caspento, chuvia ou vento.

8. Resposta aberta.

Se tedes alguna pregunta enviádesme un correo a:

falopalugo@gmail.com